



29 | FEBREIRO 2020

**NUMAX  
PRESENTA:**


Librería




**Un mundo al alcance de la mano**  
Maylis de Kerangal  
ANAGRAMA  
19,90€



**Ellas hablan**  
Miriam Toews  
SEXTO PISO  
18,50€



**En la Tierra somos fugazmente grandiosos**  
Ocean Vuong  
ANAGRAMA  
19,90€



**Rewind**  
Juan Tallón  
ANAGRAMA  
17,90€




**Como si existiese el perdón**  
Mariana Travacío  
LAS AFUERAS  
15,95€



**Ser bosques**  
Jean-Baptiste Vidalou  
ERRATA NATURAE  
17,00€



**Unica Zürich**  
IN FINE  
EDITIONS D'ART  
30,00€



**El cuerpo y la cámara**  
Margarita Ledo Andión  
CÁTEDRA  
10,00€



**Medea**  
Chantal Maillard  
TUSQUETS  
14,00€

Presentacións



**MER12 | 20:30**  
*Anarquistas galegos en América*, de **Beito Alonso**, con **Lourenzo Fernández Prieto**



**VEN28 | 20:00**  
*La herencia del cine*, de **Paulino Viota**. Con **José Manuel Sande e Paulino Viota**



**O que arde (DVD)**  
Oliver Laxe  
CAMEO | NUMAX DISTRIBUCIÓN  
11,95€

**OS OLLOS VERDES 2020**

**OCINEMA INEDITO DENUMAX**

- 3 FEB **PJ HARVEY: A DOG CALLED MONEY**  
Seamus Murphy
- 19 FEB **DERECHOS DEL HOMBRE**  
Juan Rodríguez  
[Coo presenza do director]
- 24 FEB **AS ANDURIÑAS DE KABUL**  
Zabou Breitman / Eléa Gobbé-Mévellec

Entrada reducida para estudantes da USC inscritas no programa  
Se estudas na USC podes obter 1 crédito ECTS coa túa asistencia. Infórmate en [info@numax.org](mailto:info@numax.org)



A COR DAS PALABRAS 2020 ENCONTROS CON CINEASTAS

**PAULINO VIOTA**

«A herdanza do cinema, historia das formas»

Sábado 29 de febreiro ás 11:30  
Cinema NUMAX  
Concepción Arenal, 9

Encontro ao redor d'A *lexión invencíbel* (John Ford, 1949)

Entrada gratuíta até completar aforo  
Reservas en [acordaspalabras@santiagodecompostela.gal](mailto:acordaspalabras@santiagodecompostela.gal)

[www.compostelacultura.org](http://www.compostelacultura.org)  
CompostelaCapitalCultural  
@CCultura



**FOCO JOHN CASSAVETES**

Febreiro / Marzo / Abril de 2020  
PASES UNICOS OS MARTES

5 obras clave do gran pioneiro do cinema independente

11 de febreiro **SOMBRAS**  
(Shadows, 1959, 87')

25 de febreiro **ROSTROS**  
(Faces, 1968, 130')

NUMAX



Se estudas na USC, podes obter 1 crédito ECTS pola asistencia ás sesións coa túa tarxeta de OS OLLOS VERDES

**HORARIOS**

**Librería**  
Luns De 17:15 a 22:00.  
Martes a venres  
De 10:30 a 14:00 e 15:30 a 22:00.  
Sábados, domingos e festivos  
De 11:00 a 14:00 e 15:30 a 22:00.

**Cinema**  
Consultar carteleira.  
Pódense mercar entradas anticipadas na billeiteira do cinema ou na nosa web [www.numax.org](http://www.numax.org)

**NUMAX**

Concepción Arenal, 9 baixo  
Santiago de Compostela  
[www.numax.org](http://www.numax.org)





### ARIMA ESTREA 7 FEB

**Jaione Camborda, 77', GAL, VO, +12**  
Con Melania Cruz, Nagore Arias

A vida de catro mulleres e unha nena vese alterada pola chegada inesperada de dous forasteiros. Un deles foxe do outro, agochándose polo pobo como un ser fuxidío, espectral e de dubidosa existencia.

**Mellor Dirección Nuevas Olas Sevilla 2019**

**7 de febreiro, 19:30h**  
Presentación e coloquio  
coa directora



### SÓ NOS QUEDA BAILAR ESTREA 7 FEB

**Levan Akin, 106', XEO, VOSE, +12**  
Con Levan Gelbakhiani, Bachi Valishvili

Merab adestrou desde novo no grupo de danza nacional de Xeorxia canda a súa compañeira Mary. O seu mundo vese sacudido coa chegada de Irakli, que axiña se converte no seu maior rival e obxecto de desexo.

**Premio do Público Sevilla 2019**  
**Quincena dos Realizadores Cannes 2019**




### SINÓNIMOS ESTREA 14 FEB

**Nadav Lapid, 123', FR / HEB, VOSE**  
Con Tom Mercier, Quentin Dolmaire

Yoav, un mozo israelí, chega a París fuxindo da loucura do seu país. Nada máis chegar renega de Israel e do hebreo e establece unha fonda e sensual relación co seu benefactor Émile e a súa moza Caroline.

**Oso de Ouro ao Mellor Filme Berlinal 2019**



### O OVO DO DINOSAURIO

**ESTREA 14 FEB**

**Wang Quan'an, 100', MGL, VOSE**  
Con Dulamjav Enkhtaivan, Aorigelet

Na estepa de Mongolia atopan unha muller asasinada. Durante a noite un policía inexperto ten que asegurar a escena do crime acompañado dunha pastora lugareña boa coñecedora dos perigos do lugar.

**Mellor Filme e Fotografía SEMINCI 2019**




### NUESTRAS MADRES ESTREA 21 FEB

**César Díaz, 78', ESP, VO, +12**  
Con Armando Espitia, Emma Dib

Guatemala, 2013. O país enteiro segue o xuízo aos oficiais militares que comezaron a guerra civil. Ernesto, un mozo antropólogo da Fundación Forense, identifica as persoas que desapareceron.

**Mellor Ópera Prima Cannes 2019**



### MONOS ESTREA 21 FEB

**Alejandro Landes, 102', ESP, VO, +16**  
Con Julianne Nicholson, Moises Arias

Un grupo de adolescentes guerrilleiros ten a misión de protexer unha doutora americana secuestrada en Colombia. Aproximase unha gran batalla e os mozos deberán gardar da muller e facer fronte o inimigo.

**Premio Especial do Xurado Sundance 2019**



### ESPECIALS ESTREA 28 FEB

**Olivier Nakache / Eric Toledano, 114', FR, VOSE, +7**

Con Vincent Cassel, Reda Kateb  
Bruno e Malik son dous homes de relixións diferentes que tiveron un pasado recente bastante común. Ambos pasaron os últimos 20 anos vivindo no mundo dos nenos e adolescentes autistas.

**Premio do Público Donostia 2019**



### RAÍÑA DE CORAZÓN


**ESTREA 28 FEB**

**May el-Toukhy, 127', DAN, VOSE, +18**  
Con Trine Dyrholm, Gustav Lindh

Anne é unha existosa avogada que vive o que parece ser a vida perfecta co seu home, Peter, e as súas fillas xemelgas. A aparición do seu fillastro Gustav pon patas arriba a harmonía que reina a vida de Anne.

**Premio do Público Sundance 2019**

### Filme do mes



### VIDA OCULTA ESTREA 7 FEB

**Terrence Malick, 180', ING, VOSE, +7**  
Con August Diehl, Matthias Schoenaerts

Franz e Fani Jägerstätter son un feliz matrimonio que vive coas súas tres fillas na súa granxa alpina en Sankt Radegund, en Austria. Cando estoupa a Segunda Guerra Mundial, os homes do pobo comezan a apoiar o nazismo, pero Franz non se deixa arrastrar pola corrente maioritaria.

**Sección Oficial Cannes 2019**



### Foco JOHN CASSAVETES



**John Cassavetes. Interior noche. José Francisco Montero SHANGRILA, 31,20€**



### SOMBRAS (SHADOWS)

**PASE ÚNICO 11 FEB. 20:00H**

**John Cassavetes, 87', ING, VOSE, 1959**  
Con Lelia Goldoni, Ben Carruthers

Benny, Lelia e Hugh son tres irmáns afroamericanos que comparten piso en Nova York. Lelia sae con David, un mozo intelectual, pero nunha festa coñece a Tony, con quen remata deitándose ao finalizar a noite. **Premio Pasinetti Venecia 1960**


### ROSTROS (FACES)

**PASE ÚNICO 25 FEB. 19:50H**

**John Cassavetes, 130', ING, VOSE, 1968**  
Con John Marley, Gena Rowlands

Richard Forst, un home de negocios casado, ten unha aventura cunha moza e de contado pídelo o divorcio á súa muller, á que abandona para ir vivir coa súa nova amante. **3 Nominacións Oscar 1968**


### OS OLLOS VERDES



### PJ HARVEY: A DOG CALLED MONEY

**PASE ÚNICO 3 FEB**

**Seamus Murphy, 90', ING, VOSE, TP**  
O galardado fotógrafo Seamus Murphy investiga o proceso creativo detrás da creación de *The Hope Six Demolition Project*, de PJ Harvey. **Berlinal - Panorama 2019**




### DERECHOS DEL HOMBRE

**PASE ÚNICO 19 FEB**

**Juan Rodríguez, 75', ESP, VO, TP**  
Con Lola Rubio, Jorge Dutor

Unha errática compañía de circo ergue a súa carpa nas aforas dun pequeno pobo da meseta para rematar de dar os últimos retoques ao seu novo e grandioso espectáculo: *Derechos del hombre*. **Mellor Ópera Prima Toulouse 2019**

**19 de febreiro, 20:00h**  
Presentación e coloquio  
co director



### AS ANDURIÑAS DE KABUL

**PASE ÚNICO 24 FEB**  
**Zabou Breitman / Eléa Gobbé-Mévellec, 80', FR, VOSE**

Verán de 1998. Kabul é unha cidade en ruínas ocupada polos Talibáns. Mohsen e Zunaira son dous adolescentes namorados a pesar de vivir nunha contorna inzada de violencia e miseria. **Un Certain Regard Cannes 2019**

**Las golondrinas de Kabul Yasmina Khadra ALIANZA EDITORIAL, 11,50€**

### Petis NUMAX



### NEVE E AS ÁRBORES MÁXICAS

**PASES ÚNICOS 8 E 22 FEB**

**Benoît Chieux, 51', ESP, VE, +4**  
Catro relatos invernales cheos de enxeño, fantasía e aventuras, unidos polo seu amor ás árbores e a natureza e a riqueza poética das súas imaxes e grafismo. **Mellor Curtametraxe Trickfilmfestival 2015**

### Sesión especial



### A LEXIÓN INVENCÍBEL (SHE WORE A YELLOW RIBBON)

**PASE ÚNICO 28 FEB**

**John Ford, 103', ING, VOSE, 1949**  
Con John Wayne, Joanne Dru

O capitán Nathan Brittles comanda o Sétimo de Cabaleiría tras a morte do xeneral Custer en Little Big Horn. Antes de retirarse, Brittles tentará asinar a paz cos indios cheyenne e arapaho. **Mellor Fotografía Oscar 1949**

**1** Coa presentación de Paulino Viota